

DECRETO DA ALCALDIA**ASUNTO: MODIFICACION CONCELLERÍAS DELEGADAS ENGADINDO AO REXIME DE DELEGACIONES O DE AXENDA URBANA.****EXPEDIENTE GD 13949/2021**

O 26.05.2019 tiveron lugar as derradeiras eleccións municipais. Como resultado das mesmas en sesión plenaria do 15.06.2019 resultou elixido alcalde José Manuel Miñones Conde.

O 29.03.2021, José Manuel Miñones Conde presentou a súa renuncia aos cargos de concelleiro e alcalde e, nese mesmo día, en sesión extraordinaria e urxente o pleno tomou coñecemento da súa renuncia declarando a vacante producida. A vacante quedou cuberta en sesión plenaria do 08.04.2021 na que tomou posesión como concelleiro Santiago Marquez Noya.

O mesmo día 08.04.2021, noutra sesión plenaria extraordinaria tivo lugar a elección de novo alcalde, resultando elixido José Blas García Piñeiro que, de seguido, tomou posesión do cargo.

Mediante decreto 1373/2021, do 13 de abril, procedeuse ao nomeamento de concelleiros/as delegados/as polo novo titular da Alcaldía.

No momento presente, tendo en conta os retos e a importancia estratéxica da Axenda Urbana para o desenvolvemento do concello así como para conquistar o apoio económico das institucións europeas considerase imprescindible delegar os cometidos relacionados coa mesma no primeiro tenente de alcalde e concelleiro delegado de Educación.

Por todo o que antecede procede modificar o réxime de delegacións realizado polo decreto 1373/2021 que afectaría unicamente a area de nova creación denominada Axenda Urbana sendo o novo réxime de concellerías delegadas o seguinte:

Concellería delegada	Concelleiro/a
Concellería de Benestar Social. Comprende as áreas de Servizos Sociais, Igualdade, Migración, Voluntariado e Sanidade.	Luisa Feijóo Montero
Concellería de Deportes e Atención veciñal. Comprende as áreas de Deportes e Atención Veciñal.	Susana Señorís Rodríguez
Concellería de Transición Ecolóxica e Medio ambiente Comprende as áreas de Medio Ambiente e Turismo	Manuel Lens Cernadas
Concellería de Mobilidade. Comprende as áreas de Tráfico, Mobilidade e Transporte	Beatriz Martínez Domínguez
Concellería de Urbanismo e Administración Xeral Comprende as áreas de Urbanismo, Administración Xeral, Persoal e Seguridade	Víctor Manuel Fernández Prieto

Concellería de Promoción Económica. Comprende as áreas de Comercio, Innovación e Emprego.	Ana Belén Paz García
Concelleira do Rural e participación cidadá Comprende as áreas de Medio rural e participación cidadá	Santiago Marquez Noya
Concellería de Educación e Axenda Urbana Comprende as áreas de Educación, Servizos Educativos Complementarios, Patrimonio Histórico e Axenda Urbana.	David Santomil Mosquera
Concellería de Cultura e Tecnoloxías da Comunicación. Comprende as áreas de Cultura, Festas, Tecnoloxías, Comunicación e Bibliotecas.	Natividad de Jesús González Rodríguez
Concellería de Mocidade e normalización lingüística. Comprende as áreas de Mocidade e Normalización Lingüística.	Escarlata Pampín López
Concellería de Economía e Facenda Comprende as áreas de Economía, Facenda e Contratación	Genma Otero Uhía
Concellería de Transparencia Comprende as áreas de Transparencia e Inventario Municipal de bens.	Vanessa Vidal Freire

O contido das delegacións en favor dos concelleiros/as que se designan comprende a facultade de dirixir os servizos correspondentes ás áreas que comprenden, así como a de xestionalos, incluída a competencia para formular propostas, asinar escritos e comunicacións de trámite, recordatorios e outros semellantes pero non a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Segundo. Notifíquese esta resolución as/os concelleiras/os interesadas/os a fin de que expresen a súa aceptación. Esta resolución terá efectos dende dita aceptación polos concelleiros/as interesados/as

Terceiro. Publíquese esta resolución no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Ames.

Cuarto. Dese conta ao pleno da Corporación en cumprimento do establecido no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)

Ames, decembro de 2021

O alcalde

A secretaria

Jose Blas García Piñeiro

Rosa Ana Prada Queipo